# Unha longa noite de Samain




Nunha aldea do interior de Galicia vivía un neno chamado Xoán e a súa irmá pequena Carmen, os dous eran moi aventureiros e gustáballe moito as historias de medo, entón decidiron facer unha festa terrorífica a noite dos defuntos sen saber o que lles iba ocorrer. Invitaron a tódolos seus amigos e organizaron unha festa nunha cabana que tiñan no interior do bosque.

Todo estaba pronte ia ser unha noite inesquecible.

Chegaron todos os convidados algúns trouxeron comida outros bebida e o que ninguén esqueceu foron as historias de medo.

Eran xa as tres da mañá e seguían a contar historias sen percatar dun frío intenso que invadía a cabana, cando Carmen se dispoñía a contar unha historia da "Santa Compaña" a porta da entrada abriuse facendo un forte estrondo, todos quedaron sobresaltados, fumonos achegandonos cara a chiminea. Unha cheirume a cera comezou a invadir o ambiente, todos quedamos sen verbas. Que Sucedeu? ninguén sabía explicalo, agora si que tiñamos realmente medo. Esa noite costoulles dormir.

Pasaron varios días e Carmen comportábase dun
xeito estraño xa non xogaba cos seus compañeiros,
estaba sempre cansa. Os seus pais empezáronse a
preocupar moito e levárona a varios médicos ningun
lle atopaba nada pero ela íase marchitando día a día.
O seu irmán maior Xoan intentou recordar o que
sucedera naquela noite de Samaín e fixo as súas
pesquisas, unha noite cara as tres da mañá sentiu
como se pechaba a porta da entrada da casa dos
seus pais, asomouse pola fiestra da súa habitación
e sorprendeuse ao ver camiñar a súa irmá cara
o bosque con un crucifixo na man e eso fíxolle
lembrar unha das historias contadas pola súa ir-
má naquela noite de Samaín, a historia da "Santa
Compaña"; sen esperar máis baixou as escaleiras de
casa e seguiu de lonxe a súa irmá. Abraiado polo
medo non podía dar creto o que via, a súa irmá
presidía unha marcha funebre coñecida como a
"Santa Compaña", o bosque iluminábase coa súa presen
za e o frio escalofriante penetraba nos seus ollos
xa sabía o que lle ocorría a súa irmá. Cando recupe
rou folgos foi para a súa casa e espertou os seus
pais e contoulles todo o acontecido, non daban creto
o que oían. Xuntos foron buscar axuda ó párroco do
pobo que era especialista nestes casos. Así que levá
rona a igrexa, e ali o parroco liberouna desa amarga atadura,

Dende aquela, todo e Carmen non volveron saír na noite de difuntos e absteñense de contar historias de medo.

Aarón Mandelo Faba
12 anos.